

APE GALICIA – NOVAS

- ✓ ACTO “UN ANO TENDENDO PONTES”
- ✓ PREMIOS PONTEVEDRESES DEL AÑO.
- ✓ ALMORZO FORO EMPRESA.
- ✓ AXENDA URBANA RURAL BAIONA

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

- ✓ IN417Y AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA
- ✓ TR349W - APOIO PARA A CONTRACIÓ DE MULLERES EN OCUPACIÓNS MASCULINIZADAS E PARA A ADAPTACIÓ DE ESPAZOS NAS EMPRESAS

OUTRAS NOVAS

- ✓ PRESENTACIÓ ADAPTA LOCAL EN CARBALLIÑO

ASISTENCIA A EVENTOS

- ✓ ACTO DE XURA DE BANDEIRA DA ESCOLA NAVAL DE MARÍN

❖ UN ANO TENDENDO PONTES.

O pasado 1 de xullo ten lugar no salón de plenos da Deputación de Pontevedra un acto no que o presidente da administración provincial, Luis López, realizou balance da súa xestión durante o seu primeiro ano de mandato “A porta desta casa sempre estivo aberta, e nós quixemos estar coa xente. Un ano tendendo pontes. Un lema que non só resume un xeito de ser, senón que explica multitude de reformas, impulsos e transformacións executados ao longo destes meses e que, ben deron froitos xa, ou ben madurarán ao longo do mandato”, manifestou.



A este acto cudiu o presidente de APE Galicia, Jose Ramón Caldas, en representación das persoas autónomas.

❖ PREMIOS PONTEVEDRESES DEL AÑO.

O 3 de xullo celebrouse a entrega de galardóns do Diario de Pontevedra, nos que se recoñece a traxectoria de persoas, empresas e institucións

vinculadas á provincia. Nesta ocasión os galardóns recaeron no triatleta Pablo Dapena (deporte), a Asociación Astronómica Sirio (labor social), o Funeraria San Marcos (empresa), o Cineclub Pontevedra (cultura), o doutor Javier Cabo (investigación, ciencia e universidade) e a arquitecta Teresa Táboas (premio de honra).

A este acto acudiu o presidente de APE Galicia Jose Ramón Caldas.



❖ ALMORZO FORO EMPRESA.

O 4 de xullo, o FORO EMPRESA PONTEVEDRA, celebrou á súa XXXI Xanto-coloquio no que se procedeu á homenaxe e cerimonia de nomeamento, como primeiro Socio de Honra de

Foro Empresa Pontevedra, de D. José Ramón Carril Pan.

O Presidente do Foro D. Arturo Ramírez presentou o acto que contou coa presenza do Alcalde de Pontevedra D. Miguel Anxo Fernández Lores, o Delegado Territorial da Xunta en Pontevedra D. Agustín Reguera Ocampo, o Secretario Xeral de Emprego da Xunta de Galicia D. Pablo Fernández López e aos Concelleiros, Concelleiras, outras autoridades, representantes de asociacións empresariais, sociais, culturais e deportivas así como a todos os asistentes empresarios, empresarias, socios



do Foro e aos familiares do galardoado entre os que se atopaba a súa muller Dña. Pilar Sánchez.

Despois dun intenso percorrido, Foro Empresa Pontevedra concede por primeira vez a distinción de Socio de Honra do mesmo. Un galardón que valora tanto a traxectoria

profesional como persoal e que este primeiro ano recae sobre a figura de D. José Ramón Carril Pan, a proposta da Xunta Directiva e aprobado o seu nomeamento na Asemblea celebrada o pasado día 19 de xuño.

A etse acto acude o presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas.

❖ DÍA DO COOPERATIVISMO

O 6 de xullo, o conselleiro José González destaca a importancia do cooperativismo na celebración do Día do Cooperativismo Galego 2024, onde se recoñeceron as iniciativas galardoadas no Certame Cooperativismo no Ensino e os Premios á Cooperación 2024. Durante o evento, González felicitou aos premiados e subliñou a relevancia do diálogo social e a colaboración entre a Administración e os axentes sociais e económicos para fomentar o cooperativismo e a economía social, especialmente na dinamización

do ámbito rural, a este acto acude o presidente



de APE Galicia, Jose Ramón Caldas.

❖ **AXENDA RURAL E URBANA DO VAL MIÑOR EN BAIONA**

O pasado 22 de xuño o presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, presentou en Baiona a Axenda Rural e Urbana do Val Miñor, unha folla de ruta, elaborada en colaboración cos Concellos e axentes sociais de Baiona, Nigrán e Gondomar, na que se identifican os obxectivos para lograr na próxima década lograr unha rexión "máis sostible económica, social e ambientalmente".

Xunto a López, a Deputada de Cooperación Local, María Ramallo, e os alcaldes de Baiona, Nigrán e Gondomar presentaron a Axenda Rural e Urbana. A este acto acudiu o presidente de APE Galicia, Jose Ramón Caldas.

❖ **WEBINAR BONO REMUDA E APOIO A CONTRATACIÓN DE MULLERES EN OCUPACIÓNS MASCULINIZADAS**

O 29 de xullo ten lugar un webinar en liña presentado polo Secretario Xeral de Apoio ao Emprego Pablo Fernández López, co obxectivo de presentar o Bono Remuda e a

axuda de Apoio a contratación de mulleres en sectores masculinizados.

Dando resposta as dúbidas plantexadas e facilitando o achegamento destas axudas as persoas beneficiarias.

A esta reunión en liña acudiron o presidente de APE Galicia Jose Ramón Caldas e a Secretaria Técnica Sonia Acuña.

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

❖ IN417Y AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA

O 16 de xullo saen as subvencións a proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas galegas, que ten coma obxectivo realizar proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas galegas:

- Legalmente constituídas.
- Empresas de servizos enerxéticos (ESC), que xestionan total ou parcialmente instalacións consumidoras de enerxía e que teñan por obxecto estes contratos de servizos a consecución do aforro derivado dun menor consumo enerxético.

Con prazo establecido ata o 15 de setembro de 2024.

❖ TR349W - APOIO PARA A CONTRATACIÓN DE MULLERES EN OCUPACIÓN MASCULINIZADAS E PARA A ADAPTACIÓN DE ESPAZOS NAS EMPRESAS

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto favorecer a contratación de mulleres desempregadas na empresa ordinaria en ocupacións masculinizadas, coa finalidade de contribuír a incrementar as baixas taxas de ocupación feminina nas ditas ocupacións.

Con dúas liñas de axudas:

1. Incentivos á contratación.

Contratación inicial a tempo completo: 15.000 Euros
Contratación inicial a tempo parcial (50%) e contratacións indefinidas fixas-discontinuas (mínimo seis meses): 7.500 Euros

2. Gastos derivados de obras de adaptación dos espazos ou dos postos de traballo.

2.1. O importe máximo da axuda será de 10.000 €.

Prazo de presentación: 19/07/2024

00:00 - 30/09/2024 23:59

APE GALICIA - FORMACIÓN

❖ PRESENTACIÓN ADAPTA LOCAL EN CARBALLIÑO.

O 30 de xuño ten lugar a presentación do proxecto ADAPTA LOCAL un programa formativo para mellorar e impulsar a implantación da dixitalización, novas técnicas de venda e a innovación no comercio local e rural de Galicia, combinando



Formación presencial con networking, formación telemática e titoría individualizada.

Alí contamos coa participación do presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas; Gabriel Alén, director xeral de Comercio; Diana González, directora xeral de Comercio Local; Pepe Castro, tenente de

alcalde do Concello; e por suposto, o coordinador e adestrador Jaime Barreiro, que explicou polo miúdo en que consistirá este plan, que se levará a cabo en 8 puntos por toda Galicia.

Tamén asistiron o presidente da Federación de Comercio de Ourense, representantes de asociacións veciñais, a corporación municipal e numerosos comerciantes da zona.

Para mais información, visita as nosas webs:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



https://www.instagram.com/ape_galicia/

APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

info@apegalicia.es

Dirección: Gajos de
Mendoza Nº2, Bajo 2
- 36001 Pontevedra

